



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

23 de xullo de 2008

Nº 16/08

METEOROLOXÍA

Semana similar á anterior. Disfrutouse dun tempo soleado e seco, alcanzándose en moitas zonas temperaturas superiores os 30 °C. Vento dominante do Norte. **Previsión:** as temperaturas non variarán de xeito significativo, aínda que o 24-25 de xullo prevese o aumento da nubosidade e algunha precipitación puntual en zonas do litoral.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L (peche dos acios). En cepas xóvenes obsérvanse os primeiros síntomas de seca.

Coidados culturais

Continuación das técnicas de **poda en verde:** desfollado, desnetado, e despuntes da gomariza, naqueles viñedos nos que todavía non se realizara.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*). O tempo seco e as temperaturas altas dos últimos días manteñen os viñedos en bo estado fitosanitario, o que da lugar a que non se observen novos focos da enfermidade. Sen embargo, a presenza de algunha precipitación illada en algunha zona os días 24-25 de xullo, podería provocar novas infeccións en viñedos sen protección.

Oídio (*Uncinola necator*). Os últimos tratamentos para o control da enfermidade e mantemento das condicións climáticas pouco propicias para o desenrolo dos fungos, non propiciaron a aparición de novos focos.

Couza ou polilla (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*). Rematou o voo de 2º ciclo do lepidóptero. Polo momento obsérvase un porcentaxe baixo de ovoposición en acio.

Mosquito verde (*Empoasca sp*). Debido aos últimos tratamentos realizados no control da polilla, diminuíron bruscamente as poboacións na meirande parte dos viñedos.


Iesca (*Stereum hirsutum*, *Fomitiporia punctata*, entre outros fungos). Durante as últimas datas seguen a manifestarse nalgúnhas cepas síntomas sobre os seus brazos, véndose

afectados polo complexo de fungos que penetran na planta a través dos cortes ou feridas importantes de poda no inverno. Nesta época a elevada evapotranspiración provoca un brusco marchitamento coñecido como apoplexia.

Acariose (*Calepitrimerus vitis*). Algúns focos das parcelas (normalmente polas beiras do viñedo ao principio) adquiren tonalidades claras que van evolucionando a un aspecto "aviñado" da vexetación. As puntas dos brotes frean o crecemento. En viñedos moi afectados baixa o rendemento produtivo e sobre todo a fabricación de azucres.

Prevese que as poboacións continúen crecendo, debido ao aumento das temperaturas e a permanencia do tempo seco. O umbral de tratamento nos viñedos, ou zonas deste, coa presenza do ácaro é de 15-30% de follas ocupadas.

Aspecto aviñado da vexetación con acariose en folla.



Foco de acariose



Ácaro fitoseido beneficioso alimentándose de ácaros-praga.

Recomendacións da semana

Deberase renovar un tratamento preventivo de mildeu a base de cobre ou cobre-orgánico que, como se ben recomendando, é mellor aplicalo antes dunha precipitación contaminante en viñedos sen protección, de selo caso. Soamente nos viñedos con importante sintomatoloxía e inóculo de anteriores épocas, deberán realizar este tratamento cunha mezcla

de fitosanitarios a base de penetrante + cobre.

Á vez que se aplica o anterior tratamento, deberase realizar a aplicación dun fungicida antioídio en pulverización. Neste momento, e debido tamén a presenza de ácaros nos viñedos, a materia activa recomendada será o xofre con acción preventiva contra Oídio e fréante de ácaros.

Nas explotacións que se superen os umbrais de tratamento da acariose, aplicarase a toda a vexetación ou area afectada do viñado un acaricida específico para os eriófidios: xofre en po ou dicofol (larvicida-adulticida). Os tratamentos acaricidas sempre se deberán aplicar sen mesturas con outros fitosanitarios, do contrario redúcese a súa eficacia de forma significativa.

Téñase en conta, no caso de viñado afectado por Iesca, que é imprescindible marcar agora cada cepa á altura na que esté libre de danos para poder eliminar a parte da planta danada na época de parada invernal.

HORTA nas Rías Baixas

Estados fenolóxicos medios

TOMATE (invernadoiro): recolección.

PEMENTO (invernadoiro): recolección.

XUDIA (invernadoiro): fin de recolección e resembra do 2º ciclo.

XUDIA (aire libre): recolección.

COLES (exterior): varios ciclos en función da data de plantación. En xullo-primeira quincena de agosto deberán realizarse as plantacións para a produción de brassicas de inverno.

LEITUGA (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.

CEBOLA: recolección.

PATACA. Ciclo temperán: recolección rematada. Ciclo medio: recolección. Ciclo tardío: floración- formación tubérculos.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Phytophthora infestans*). Diminuíu bruscamente a sintomatoloxía dos últimos meses.

Oidiopse en pemento (*Leveillula taurica*). Seguen observándose nalgúnhas explotacións síntomas de Oidiopse en Pemento baixo abrigo.

Enfermidades de cano. Mantéñense os síntomas de problemas de fungos no sistema radicular e cano nalgúns cultivos hortícolas, principalmente no caso de *Fusarium solani* en

Tomate e Xudía, tanto en invernadoiro como ao aire libre, así como no de *Fusarium sp.* en Leituga, aumentando nesta moito durante as últimas dúas semanas.

Araña vermella (*Tetranychus urticae*). No cultivo de Xudía en invernadoiro hai algunhas explotacións con forte infestación de Araña vermella. No caso de que se levanten os cultivos afectados de 1º ciclo de plantación, deberán sacar a ramaxe e limpar calquer resto da mesma para que non se conserven as poboacións no seguinte cultivo, tratándose este nos primeiros estádios antes da súa instalación.

Mosca branca (*Trialeurodes vaporariorum*).

Sobre todo no cultivo de Tomate obsérvanse importantes poboacións de mosca branca en tódolos estádios de desenvolvemento. O umbral de tratamento da praga é de 1 adulto/folla, con nivel de parasitismo menor do 25 %, e nº de follas ocupadas maior do 50% ou coa presenza de negrilla nas follas e ramalletes.

Ácaro branco en Tomate

(*Polyphagotarsonemus latus*). Nalgúnhas explotacións obsérvanse sintomatoloxía da praga cun aspecto bronceado da vexetación, reccomendándose confirmar a súa presenza cunha lupa de 25 aumentos mínimo.



segue HORTA nas Rías baixas

Polilla da pataca (*Photorimaea opercutella*). Realizados os conteos das trampas de seguimento da praga colocadas en diferentes parcelas, constátase máximos de capturas en torno aos 15-20 adultos/trampa, polo que en patatais de ciclo tardío deberán tratar a praga.

Nemátodos (*Meloydogine sp*). Nas últimas datas aumentaron significativamente os nódulos provocados polo nemátodo nas raíces dos cultivos hortícolas. Nas prantacións que se renovan en invernadeiro nesta segunda quincena de xullo, principalmente Tomate e, sobre todo, Xudía, deberán prevelo no caso de que se comprove a presenza ao arrancar o cultivo precedente.



O Servicio Técnico Agrario promove esta campaña a realización de un ensaio de eficacia con diferentes sustratos orgánicos e vegetais para o control desta praga coa técnica de **biofumigación-solarización** do solo antes de realizar a nova plantación.

A biofumigación consiste no enterrado dos sustratos no solo previamente preparado e limpo de restos de colleita. Logo dunha rega copiosa que sature o solo de auga en toda a superficie, acólchase durante 3-4 semanas para

provocar unha forte fermentación das materias orgánicas que as convirte en tóxicas para os nemátodos. O aumento da Tª no chan tamén exerce control desinfectante por solarización complementaria. Pero o maior éxito desta técnica radicaré no aumento da microflora antagonista aos nemátodos e outros fungos e incluso de pragas presentes no solo.

A mellora desta técnica é fundamental para manter a viabilidade das explotacións hortícolas con solos cansados, sobre todo en invernadeiro, posto que os medios convencionais de control químico, ademais de diminuír a eficacia dos produtos co seu uso, moitos deles estanse retirando do Anexo I do Rexistro Único Europeo da Directiva 91/414/CEE das sustancias admitidas para a súa utilización na agricultura.

Recomendacións da semana

A diversidade de cultivos e dos diferentes estados fenolóxicos nos que se atopan cada un deles, fai moi difícil dar unhas recomendacións xerais de control, polo que deberase manter a vixianza dos cultivos en cada parcela e, en función das observacións, adoptar as medidas preventivas ou de control oportunas. No caso de dúbidas de diagnóstico ou medios de control máis axeitados en cada situación particular, é convinte poñerse en contacto cun técnico-consultor en fitopatoloxía e produción vexetal.

Nas explotación de pataca tardía, sí que se recomenda en calquera caso realizar un tratamento para a Polilla, á vista do pico de voos observados na última semana. Ademais dos produtos convencionais rexistrados para a praga e cultivo, tamén se pode aplicar en pulverización un caldo preparado a base de Eucalipto e brassicas (concentración do 10% en peso do vexetal/hl de auga) en maceración durante 5-7 días.

VIÑEDO

DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

Estado fenolóxico medio

L (peche de acio) maioritariamente.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Non apareceron novas manchas de Mildeu. Detectáronse algunhos síntomas de Oídio, principalmente en parcelas pouco ventiladas, polo que é importante manter protexido o cultivo fronte a esta enfermidade. Ausencia de

síntomas de ataques provocados por pragas.

É importante renovar o tratamento para protexer o cultivo fronte a Oídio, xa que estamos nunha fase na que o cultivo é moi sensible a esta enfermidade.

Débase ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a Botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (**L**) é apropiado para facelo.



PATACA en A LIMIA e noutras zonas da provincia de Ourense

A información que se proporciona corresponde á comarca da Limia. No resto da provincia o ciclo do cultivo vai moito máis adiantado, chegando nalgúns zonas á fase de colleita. Non hai incidencias fitosanitarias salientables.

Comarca da Limia

Estado fenolóxico do cultivo

Variable. A fase predominante é a de ENGROSAMENTO DE TUBÉRCULOS.

Incidencia de pragas

Cos tratamentos feitos durante os derradeiros días contra o Escaravello, a praga está controlada polo que se recomenda manter vixiado o cultivo.

Incidencia de enfermidades

Mantéñense os ataques de Mildeu nalgúns parcelas, especialmente nas parcelas mal ventiladas.

Tratamentos recomendados

Mantén protexido o cultivo fronte ao Mildeu.

Nas parcelas coa vexetación totalmente desenrolada recoméndase un tratamento con materias activas de carácter penetrante.

Non espaciar máis de 12 días os tratamentos antimildeu.

Para Pé negro non hai tratamentos efectivos, polo que se recomenda retirar os pes afectados e destruílos para que non quede a batería no chan, dando lugar a novas infeccións.